



## Concello de Boiro

### ANUNCIO

#### RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS - ADMINISTRATIVOS/AS

Transcríbese a continuación a resolución de alcaldía de data 20/08/2021 donde consta a corrección de erros na relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de administrativos/as:

“EXPEDIENTE: 3661/2021

#### RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS ADMINISTRATIVOS/AS

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por decreto de 13/08/2021 resolveuse declarar a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as dos candidatos presentados no proceso selectivo para a selección de administrativos/as ó abeiro das bases de selección aprobadas con data 21/07/2021.

Con posterioridade á sinatura desta Resolución, e habendo recibido escrito de D. Jose Antonio C\* con NIF 227\* facendo constar a súa non inclusión na lista provisional de admitidos e excluídos, comprobouse que o rexistro xeral de documentos do Concello de Boiro non remitiu ao departamento de persoal esta solicitude, polo que o número de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo foi de 154 e non de 153.

Procede, unha vez comprobada a presentación desta solicitude en tempo e forma, modificar o decreto de data de 13/08/2021 n.º 2021-1132 coa finalidade de adaptalo ós datos correctos.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisada a solicitude de participación e comprobados os requisitos esixidos na base 4ª desta convocatoria, procede aprobar a relación de persoas admitidas e excluídas.

En base ó anteriormente exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Modificar a listaxe de candidatos presentados no proceso de selección para Administrativos/as (grupo C1) que constan no decreto nº 2021-1132 de data de 13/08/2021 e, en consecuencia, incluí-la solicitude presentada por D. Jose Antonio C\* con NIF 227\* neste proceso selectivo.

**Segundo.-** Declarar a D. Jose Antonio Cr\* con NIF 227\*, provisionalmente admitido no concuso oposición, que rexe o procedemento para a selección de administrativos/as, por ter presentada a documentación requirida en tempo e forma, resultando non exento de realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), esta rectificación da listaxe de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de referencia.

**Cuarto.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O secretario xeral, Francisco J. Oubiña Lodeiro

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 7AM2MW36YDCFRFYKSL33Y4XGA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1